

RESOLUCIÓN

Vistos os erros materiais producidos no texto das “Bases reguladoras de subvencións para a celebración de actividades festivas e culturais en Ponteareas no ano 2017” de data 21 de novembro de 2017, sobre o prazo de presentación de solicitudes.

Visto o erro material producido na Resolución da Alcaldía de data 24 de novembro de 2017 (Nº 2017- 2552) sobre o prazo de presentación de solicitudes.

E visto anuncio publicado no BOP nº 232 de data 4 de decembro de 2017 polo que se fai público a aprobación das bases para “Subvencións para a celebración de actividades festivas e culturais en Ponteareas no ano 2017”, e se concede un prazo de 7 días hábiles para presentar solicitudes.

En uso das facultades conferidas na vixente lexislación,

RESOLVO,

1º) Correxir o erro material producido nas “Bases reguladoras de subvencións para a celebración de actividades festivas e culturais en Ponteareas no ano 2017” de data 21 de novembro de 2017, e na Resolución da Alcaldía de data 24 de novembro de 2017, respecto dos días de presentación de solicitudes, fixando dito prazo en 7 días hábiles contados a partir do día seguinte da publicación do extracto remitido pola Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), tal e como saíu publicado no BOP do día 4 de decembro de 2017 (nº 232).

2º) En base ao anterior o último día para presentación de solicitudes será o 15 de decembro de 2017.

3º) Publíquese esta resolución na páxina web do Concello para os efectos de información aos interesados.

O Alcalde, Xosé Represas Giráldez
(Documento asinado electronicamente)